

Alfaroleiros



25
anos
de tradición

Programa de Actividades

Concello de  Oleiros

www.oleiros.org

Visita á Feira

Mércores 7 de agosto ás 20:00 horas

Do parque Luís Seoane ao centro cultural As Torres

Visita teatralizada: **percorrido para toda a familia desde a feira de olería.**

- Unha forma diferente de achegarse a Alfaroleiros, que inclúe unha visita á Escola Municipal de Olería, no Alfar das Torres, e ao Museo Os Oleiros. O percorrido está pensado para todos os públicos e ten unha duración de 90 minutos.

Nesta actividade teremos música, teatro, maxia, contacontos e moito, moito máis!



Música

Mércores 7 de agosto ás 21:30 horas

Praza Esther Pita

Concerto Gallaecia Big Band + Banda da Escola Municipal de Música do Concello de Oleiros

Unha fusión de estilos e moi innovadora entre as dúas formacións, entre o jazz e a música de banda. O repertorio para este concerto de colaboración, está formado por cancións de sempre no que se tocarán varios estilos musicais como os mambos, boleros, chachachás, ou swing, coma no caso de *New York, New York* ou clásicos galegos como *Negra Sombra*.

A Banda de Música da Escola Municipal de Música de Oleiros (BEMMO) nace dentro do seo da Escola no ano 2001, no seu segundo curso de funcionamento, baixo a dirección de Juan Bernat, e dado o carácter pedagóxico desta agrupación ofrece os seus primeiros concertos dentro das programacións da propia escola, participando nos concertos de Nadal, primavera e clausura, do curso 2001 - 2002.

En setembro de 2002 faise cargo da dirección Alberto Piñeiro Leiva, realizando a súa primeira actuación en Ribadeo en maio de 2003. Desde este ano vén realizando intercambios con bandas de música de diferentes concellos de Galicia e está presente ano tras ano en importantes actos sociais e culturais promovidos polo Concello de Oleiros.

Para esta ocasión, Gallaecia Big Band está formada por 8 artistas: *trombón*: José Luis Miranda, *trompeta*: Hansel Luís Díez, *saxo*: Pablo Castaño, *batería*: Carlos Bastón, *contrabaixo*: Pachi Cruz, *dirección*, *arranxos e piano*: Cristian Leggiero e *voces*: Narci Rodríguez e Paty Lesta.



Xoves 8 de agosto ás 18.00 horas

Praza Esther Pita

"Cousas imposibles", instalación de ilusiões ópticas do Mago Romarís

- Un espectáculo que combina a maxia coas ilusiões ópticas. Ás veces as cousas non son o que parecen. Un espectáculo para todas as idades.

Unha ilusión óptica é calquera ilusión do sentido da vista que nos leva a percibir a realidade de forma errónea, un erro na interpretación que fai o noso cerebro sobre os sinais que o ollo lle envía.

Grazas a este "erro" de apreciación, podemos gozar das sensacións únicas e incríbles que nos brindan as Ilusiões Ópticas. E podemos transformar ese suposto "erro" nunha experiencia didáctica, nunha experiencia divertida, convertela nunha experiencia única.




Xoves 8 de agosto ás 22.30 horas

Parque Luís Seoane

Proxección de: **Bohemian Rhapsody.**

► **Dirección:** Dexter Fletcher, Bryan Singer
Reparto: Joseph Mazzello, Tom Hollander, Rami Malek e Ben Hardy
País: Reino Unido
Ano: 2018
Duración: 134 minutos
Xénero: biográfica
Cualificación: maiores de 12 anos

Sinopse: *Bohemian Rhapsody* é unha celebración do grupo Queen, da súa música e do seu singular cantante Freddie Mercury, que desafiou este-reotipos para converterse nun dos showmans máis queridos do mundo. O film plasma o meteórico ascenso da banda ao olimpo da música a través das súas icónicas cancións e o seu revolucionario son a súa crise cando o estilo de vida de Mercury estivo fóra do control, a súa triunfal reunión na véspera do Live Aid, na que Mercury, mentres sufría unha enfermidade que ameazaba a súa vida, lidera a banda nun dos concertos de rock máis grandes da historia. Reflicte así mesmo como se cimentou o legado dunha banda que sempre se pareceu máis a unha familia, e que continúa inspirando soñadores e amantes da música ata os nosos días.



Obradoiro

Venres 9 de agosto ás 18.30 horas

Parque Luís Seoane

Obradoiro: A olería nas túas mans.

► Un obradoiro de pezas tradicionais da olería galega no que poderán participar nenos e nenas de 3 a 100 anos.

Este ano inclúe un **Bautizo de tor-no**, unha primeira incursión no traballo do torno para coñecer de primeira man cales son as pezas máis características da olería galega



Teatro

Venres 9 de agosto ás 20.00 horas

Parque Luís Seoane

Teatro ó Cubo presenta o espectáculo **"Ghop!"**

► **Autoría:** Teatro ó Cubo

Dirección: Fredi Muíño

Sinopse: Ghop! É un espectáculo de rúa para todos os públicos. Ghop! vén de Hop! Que sería de nós sen a gheada para facer que esta palabra de ímpeto soe completa e a nosa querida "h" non fiquese muda coma sempre? Ghop! imprime con enerxía un espectáculo coa estética clásica dos circos ambulantes que no pasado percorrían as prazas dos pobos e aldeas. Os tres protagonistas, vestidos e caracterizados para a ocasión, aderezan con malabares, monicreques, acrobacias e pinceladas de maxia o show de variedades que esta compañía itinerante ofrece a un público desexoso de divertirse e participar. Teatro ó Cubo sae á rúa e completa o seu repertorio teatral para toda a familia.

Elenco: Roberto Casal Mouriño, Noel Fandiño Santiago e Sofía Espiñeira López

Xénero: teatro de rúa, circo e variedades

Duración: 60 minutos

Público: infantil e todos os públicos



Venres 9 de agosto ás 22.30 horas

Parque Luís Seoane

Proxección de: **Campeones**

► **Dirección:** Javier Fesser

Reparto: Javier Gutiérrez e Jesús Vidal

País: España

Ano: 2018

Duración: 124 minutos

Xénero: comedia

Cualificación:
todos os públicos

Sinopse: Marco é un tipo sen demasiado optimismo que, por vicisitudes da vida, acaba adestrando a un equipo de baloncesto formado por chicos con discapacidade. De mala gana comeza a tarefa pero, o que comeza sendo un traballo forzado, acaba axudándolle a saír da súa crise existencial.



Música

Sábado 10 de agosto ás 12.30 horas

Parque Luís Seoane

Concerto participativo **Testus** de Ernest Martínez.

- “Testus”: un concerto no que todas aquelas persoas que se acheguen ata a zona central do parque Luís Seoane van poder participar. Os músicos deste peculiar concerto van ser os propios espectadores, así que contamos contigo!



**Sábado 10 de agosto desde as 18.30 horas ata as 21.30
haberá dous pases por hora**

Parque Luís Seoane

Mago Rafa presenta o espectáculo **O Baúl do Mago**.

► **Autoría:** Mago Rafa

Dirección: Mago Rafa

Sinopse: Unha aventura máxica e unha experiencia innovadora sen precedentes que se desenvolve a bordo do **baúl do Mago** (unha caravana convertida nun auténtico teatro itinerante na procura de aventuras).

Onde a maxia non só se ve, senón que se vive. As características de **O baúl do Mago** conseguen que a interactividade e participación co espectáculo estean máis que aseguradas, pois a proximidade e interacción co mago é unha constante durante o espectáculo. Trátase dunha experiencia irrepetible que se lembrará, probablemente, durante toda a vida.

Unha alternativa máxica diferente e orixinal coa que achegar a maxia a un público familiar dunha forma divertida e infestada de innumerables vantaxes.

Elenco: Mago Rafa e Aleks Freire

Duración: 15-20 minutos cada pase, 2 pases por hora

Público: todos os públicos



Música

Sábado 10 de agosto ás 20.30 horas

Teatro As Torres

Concerto: **Sons do barro** de Ernest Martínez.

- Sons do barro é un concerto diferente, xa que todas as melodías van ser interpretadas con instrumentos, procedentes de todo o mundo, feitos de barro!

Para que o son poida ser apreciado en condicións acústicas adecuadas, terá lugar no teatro do centro cultural As Torres.



Sábado 10 de agosto ás 22.00 horas

Praza Esther Pita

**Concerto: Sandra Calderón Flamenco Band +
Adhara & Ritman.**

- Sandra Calderón Flamenco Band é unha banda de gran recoñecemento no panorama local. Formada no ano 2013, conta xa na súa traxectoria cun gran número de concertos realizados baixo a batuta de Sandra Calderón, a fundadora do proxecto. Flamenco Band incúriónase nunha variedade de estilos musicais. Componse de 11 integrantes, músicos de jazz e flamenco cunha longa traxectoria profesional.

O seu espectáculo non deixa indiferente a ninguén, consta dunha primeira parte de versións máis coñecidas e bailables de artistas como Niña Pastori, Ketama, Camarón e José Mercé entre outros; e unha segunda parte onde se profunda máis en palos flamencos, acompañados por baile, pasando por alegrías, tangos, sevillanas, bulerías, etc.



Cunha ininterrompida actividade desde o seu nacemento, conta cunha gran aprobación do público en xeral, que acompañou desde os inicios desta marabillosa viaxe.

Elenco: Sandra Calderón (voz principal, palmas), Alberto Amador (caixón flamenco e percusión), Ricardo Casás (saxo, frautas e coros), Gonzalo Alonso (batería), Arturo Cabado (guitarras), Borja Montoya (piano e teclados), Ángel Montoya (guitarra e coros), Bienve Gabarre (voz, coros e palmas), Emiliano Fernández (baixo), Jonatan Gabarre (coros e palmas), Tania Suárez (bailes flamencos e coreografías).

► Adhara & Ritman é un novo proxecto musical que xorde das raíces. Co *ghalhegho* como voz e unha instrumentación baseada nas raíces folk da terra... Decidimos liberarnos e facer aquilo que nos sae de dentro sen medo a mestizalo coa música latina, reagge, swing, soul... e principalmente rock. Dentro... somos unha explosión!, e iso é o que queremos amosarvos!!

As nosas letras varían desde temas propios a adaptacións de poemas como da ghran Rosalía de Castro entre outros.

O ghrupo está formado por 4 pés para un banco...

Adhara Caamaño (A Cuncheira de Sofán) é a nosa voz principal. Tito Barbeito (Tito Ritman) voz, guitarra e harmónica. Arturo Krest como batería e percusionista. Andrés Castro ao baixo!



“O verdadeiro heroísmo está en transformar os desexos en realidades e as ideas en feitos”

Castelao

Xogos Tradicionais

Domingo 11 de agosto ás 19.30 horas

Parque Luís Seoane

- Componse dunha colección de xogos para todas as idades elaborados artesanalmente e inspirados en xogos tradicionais de épocas e lugares diversos que sempre está lista para ir a onde for chamada e haxa ganas de xogar e de pasalo ben.

A idea da ludoteca itinerante é crear un espazo de ocio alternativo, onde poder gozar do xogo en familia á vez que desenvolvemos as nosas habilidades e destrezas manuais, cognitivas e a capacidade imaxinativa.

Dispón dun catálogo de xogos de gran formato de precisión, de lanzamento, de habilidade, de enxeño, de cooperación... algúns son os de toda a vida e outros que reinventamos a partir de materiais de refugallo. Xogos simples e artesanais sen necesidade de pilas, plásticos ou luces de neón...



Música

Domingo 11 de agosto ás 22.00 horas

Praza Esther Pita

Concerto de **Familia Caamagno**.

► “Desde a Galicia máis profunda e remota vén a Familia Caamagno disposta a manter e perpetuar as súas raíces italoamericanas. Mesurar garaxe, blues, empanada de polbo, espaguetes á boloñesa, *rhythm and blues*, punk, sexo nas obras, hixiene persoal e extorsión con swing, pretenden facer bailar a todos os que veñen ás súas galas. Aínda que non o queiran.” Así é como se presenta a familia Caamagno, unha banda fresca e electrizante, desenfadada pero elegante, nacida a finais de 2010.

A banda está formada por: Toni Caamagno (batería e coros), Lano Caamagno (guitarra baixa), Francesco Caamagno (guitarra de ritmo e coros), Jess Caamagno (guitarra de punteo) e Manuele Caamagno (voz e saxofón).

FAMILIA



CAAMAGNO

Mércores 7 de agosto ás 12:30 horas
Parque Luís Seoane
Inauguración

Domingo 11 de agosto ás 21.30 horas
Parque Luís Seoane
Peché da Feira

Demostracións dos distintos oleiros participantes na feira,
do venres ao domingo, de 19.00 a 21.00 horas.



Concello de Oleiros

Concellería de Cultura e
Normalización Lingüística



Deputación
DA CORUÑA